

COPA GALEGA DE NATACIÓN G-1

Tempada 2006-2007 - Circular 06-26

1.- Organización, datas e sedes

- 1.1.- Na Copa Galega G1 poderán participar os doce mellores clubs clasificados da liga galega G1.
- 1.2.- A Copa Galega G1 celebrarase o día 23 de xuño en Ferrol, na piscina de Batallones.
- 1.3.- As probas realizaranse nunha soa sesión, que dará comezo ás 17:00 h.

2.- Programa de probas

- 1.- 4X50 LIBRES MASCULINO 97-98
- 2.- 4X50 LIBRES FEMININO 97-98
- 3.- 200 LIBRES MASCULINO 97
- 4.- 200 LIBRES FEMININO 97
- 5.- 50 LIBRES MASCULINO 98
- 6.- 50 LIBRES FEMININO 98
- 7.- 200 ESTILOS MASCULINO 97
- 8.- 200 ESTILOS FEMININO 97
- 9.- 100 ESTILOS MASCULINO 98
- 10.- 100 ESTILOS FEMININO 98
- 11.- 4X50 ESTILOS MASCULINO 97-98
- 12.- 4X50 ESTILOS FEMININO 97-98

3.- Participación

- 3.1.- A presente normativa está destinada ás categorías:

Masculina: nacidos en 1997 e 1998

Feminina: nacidas en 1997 e 1998

- 3.2.- A participación está aberta a todos os nadadores das categorías sinaladas e que pertencen aos Clubs con dereito a participación.
- 3.3.- Cada nadador poderá participar como máximo nunha proba individual e dous relevos.
- 3.4.- Cada club poderá inscribir dous nadadores por proba.
- 3.5.- Cada club poderá inscribir dous equipos de relevos.
- 3.6.- Aceptaranse substitucións de nadadores 45 minutos antes do inicio da sesión, previa solicitude de baixa dun nadador do mesmo club inscrito na proba.
- 3.7.- O nadador substituído non poderá participar en ningunha proba individual ou de relevos en dita sesión.
- 3.8.- Os Clubs con dereito a participación deberán confirmala no prazo que se indique oportunamente. En caso de que algún non participase, o seu posto podería ser cuberto polo seguinte clasificado na liga galega G1.

4.- Inscricións

- 4.1.- Realizaranse empregando a base de datos ou planilla correspondente á competición de que se trate e serán remitidas á Federación por correo electrónico (inscripciones@fegan.org). Xunto co devandito arquivo remitirase, no mesmo correo, a "acta de preinscripción" que o propio programa xera en formato pdf (preferible) ou word.
- 4.2.- As inscricións deberán obrar en poder da FEGAN antes das 20:00 horas do día 13 de xuño de 2007 (mércores), sendo responsabilidade do Club que realiza a inscrición asegurarse de que foi recibida.

5.- Fórmula de competición

5.1.- Disputaranse todas as probas contrarreloxo.

5.2.- Puntuarán os 16 primeiros clasificados de cada proba individual e o relevo mellor clasificado de cada club. No suposto de que un mesmo club teña clasificados os dous relevos na mesma proba entre os 16 primeiros só puntuará o primeiro. O clasificado despois non será puntuado, corréndose a súa puntuación ao seguinte na clasificación.

5.3.- A puntuación nas probas individuais será: 19, 16, 14, 13, 12, 11, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1.

5.4.- A puntuación nas probas de relevos será: 30, 24, 20, 18, 16, 14, 12, 10, 8, 6, 4, 2.

6.- Clasificación

6.1.- Faranse as seguintes clasificacións:

a) Total masculina en probas individuais mais os relevos.

b) Total feminina en probas individuais mais os relevos.

c) Total conxunta. Será necesario ter competido en ambas categorías, aínda cando non se obtivese puntuación nunha delas.

7.- Títulos e premios

7.1.- Entregarase un trofeo ao club clasificado en primeiro lugar na clasificación xeral conxunta como Campión Galego da Copa G1.

7.2.- Entregaranse medallas a todos os compoñentes dos tres primeiros equipos clasificados.

A Coruña, 21 de xullo de 2006